



Matemáticas Académicas / Matemáticas Aplicadas

Carga horaria: 4h. Departamento: Matemáticas

Matemáticas Académicas ou Matemáticas aplicadas?

Nun principio, cando se implantou a LOMCE, as Matemáticas Aplicadas pensáronse para aquel alumnado que quería enfocar os seus estudos cara á formación profesional, mentres que as Matemáticas Académicas estaban destinadas a quen quería cursar bacharelato. Logo das modificacións na Lei introducidas no curso 16-17 esta disxuntiva xa non existe.

Que diferencia hai entre elas?

No que respecta ó **temario** non teñen os mesmos contidos, presentando as Matemáticas Académicas un maior grao de complexidade.

Dado que os contidos son diferentes, a **metodoloxía** das Matemáticas Aplicadas ten un enfoque máis práctico e o das Matemáticas Académicas presenta un maior grao de abstracción.

Tamén debes saber que:

- Podes escoller en 3º as Académicas e en 4º as Aplicadas, ou viceversa (aínda que o grao de dificultade, debido ós seus contidos, en Matemáticas Académicas é maior).
- En 4º a escolla que fagas vai determinar as restantes materias troncais: se elixes as aplicadas terás que cursar dúas materias a escoller entre Tecnoloxía, Ciencias aplicadas á actividade profesional ou Iniciación á actividade emprendedora e empresarial; se elixes as académicas terás que escoller unha das seguintes opcións a) Bioloxía e Xeoloxía con Física e Química, b) Latín con Economía.

Consellos:

- Se queres estudar un **ciclo formativo** de grao medio de FP: Matemáticas Aplicadas.
- Se queres estudar o bacharelato de **Ciencias** ou o de **Ciencias Sociais**: Matemáticas Académicas.
- Se queres estudar o bacharelato de **Humanidades** ou **Artes Plásticas**: pensa cales das outras materias troncais que leva asociadas son as que che interesan.